

SARAH ORNE JEWETT

A terra dos abetos en punta

Traducido por Cristina Cajoto



Hugin e Munin

I. O REGRESO

A poboación costeira de Dunnet tiña un aquel que a facía máis atractiva ca outras vilas mariñeiras do leste de Maine. Quizais fose o seu carácter familiar o que a volvía tan digna de apego á vez que dotaba de grande interese a beiramar rochosa e as fragas sombrías, así como as poucas casas que parecían ben ancoradas, cravadas coma árbores, entre as cornixas xunto ao peirao. Estas casas, con privilexiadas vistas sobre a costa, contaban con cadanseu pedazo de alegre e floreado xardín; as altas xanelas, paneladas con cristais miúdos e encaixadas nos pinches das inclinadas augas dos tellados, eran coma astutos ollos á espreita do porto e alén do horizonte, e percorrían a costa en dirección norte, cun fondo de piceas e abetos balsámicos. Coñecer ben unha vila coma esta e o seu contorno é como coñecer unha persoa: o namoramento a primeira vista é tan irremediable coma veloz, pero forxar unha amizade verdadeira pode levar toda unha vida.

Tras unha breve visita dous ou tres veráns antes, durante unha travesía en veleiro, ao seu regreso, esta

amante de Dunnet Landing¹ atopou intactos o litoral poboado de abetos en punta e o encanto da vila, cos seus elaborados convencionalismos; a combinación de estar lonxe de todo e ter a pueril certeza de ser o centro da civilización, coma nos seus soños máis prezados.

Un serán de xuño, chegou como única pasaxeira ao embarcadoiro dos vapores. A marea estaba alta e había unha nutrida concorrencia de espectadores; os máis novos seguirona con contida emoción ao que subía a estreita rúa da modesta localidade de salitre e listóns de madeira branca.

¹As denominacións Dunnet e Dunnet Landing remiten á mesma localidade ficticia da costa de Maine, onde a primeira é simplemente unha forma abreviada da segunda. En cuestións de toponimia, o elemento *landing* designaba en orixe un embarcadoiro ou zona portuaria, polo que a alternancia responde a un mero trazo de verosimilitude rexional. Polo demais, cómpre sinalar que esta vila costeira é a mesma que a autora amenta nos relatos «The Queen's Twin», «A Dunnet Shepherdess», «The Foreigner» e «William's Wedding», compilados en volume exento como *The Dunnet Landing Stories*.

